



## POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Para os efectos do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, e o Real Decreto 195/2000, de 11 de febreiro, polo que se establece o prazo para implantar as medidas de seguridade dos ficheiros automatizados, o Centro Residencial Docente de Vigo informa da existencia dun ficheiro automatizado de datos de carácter persoal creado cos datos recadados para a solicitude de praza, seguimento dos residentes e a publicación de imaxes ou fotos na páxina web ou calquera publicación do centro ao longo da súa estanza.

Os que subscriben o presente documento autorizan ao centro para que obteña e utilice imaxes e os seus datos, relacionados coa actividade do centro, nas publicacións de todo tipo que se realicen, xa sexan impresas ou en formato dixital (páxina web, orlas, etc.). Así mesmo autorizan que as devanditas imaxes sexan obtidas e difundidas polos medios de comunicación utilizados polo centro, sempre que a devandita difusión non comporte unha intromisión ilexítima na intimidade, honra ou reputación, ou sexa contraria aos seus intereses.

Mediante a aceptación destas condicións o usuario consente expresamente a cesión ou comunicación dos datos incluídos no ficheiro referido no primeiro parágrafo neste acto ao Centro Residencial Docente de Vigo.

O Centro Residencial Docente de Vigo comprométese, no referido á utilización dos datos incluídos no ficheiro, a respectar a súa confidencialidade e a utilízalos de acordo coa finalidade do ficheiro, así como a dar cumprimento a súa obriga de gardalos e a adoptar todas as medidas precisas para evitar a alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, de acordo co que establece o Real Decreto 1720/2007.

O Centro Residencial Docente de Vigo garante a seguridade e confidencialidade nas súas comunicacións cos usuarios.

## ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

alumno/a do Centro Residencial Docente de Vigo, declaro coñecer e aceptar o regulamento de réxime interno propio do centro, así como os aspectos organizativos e demais normas de convivencia e acepto as condicións expostas neste documento e dou consentimento nos termos indicados.

Asinado: \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

## Para os/as menores de idade:

Consentimento expreso dos seus pais, nais ou titores legais.

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

(pai, nai, titor/a legal) do alumno/a \_\_\_\_\_ do Centro Residencial Docente de Vigo declaro coñecer e aceptar o regulamento de réxime interno propio do centro, así como os aspectos organizativos e demais normas de convivencia e acepto as condicións expostas neste documento e dou consentimento nos termos indicados.

Asinado: \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024